

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 ✻ 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Ra das Quenturas

Ra de santo Antón. Serve para preparar un filtro de namorar. Atravésase cun pau puntiagudo e déixase secar ao sol. Logo desfáise ata convertela en po e mestúrase cun líquido no que se ferveran, entre outras cousas, romeu, allo e viño, e dásele á persoa que se queira namorar. Aseguran que ten efecto case inmediato.

BIBLIOGRAFÍA

CUBA, Xoán R.. MIRANDA, Xosé e REIGOSA, Antonio. (1999): Dicionario dos seres míticos galegos. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.